



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 15 de xullo de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 8 de xullo de 2020.
2. Acórdase a resolución do contrato de servizos de “Dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde das obras de Paseo Marítimo Alcalde Blanco en Marín”, e do contrato de obras de humanización “Paseo Marítimo Alcalde Blanco en Marín”, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do POPE 2014-2020, da EDUSI Marín 2020.
3. Dáse conta da concesión dunha subvención ó Concello de Marín, por importe de 44.000,00 €, para o Programa de apoio ós CIM, quedando en listaxe de agarda no Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, por importe de 8.000,00 €, ao abeiro das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, da Secretaría Xeral da Igualdade.
4. Dáse conta da denegación de subvención ó Concello de Marín para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR), solicitada con destino ó proxecto “Reposición de portais de acceso ao mercado de abastos”.
5. Concédese licenza de obras para a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en Troncosa, nº 5, Marín.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da concesión de subvención ó Concello de Marín, por importe de 4.800 €, ó abeiro das bases reguladoras de subvencións para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, de AGADIC.
2. Denégase licenza para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Centro de Saúde de Seixo, Marín.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400055F9600K5L6G8R2M4Z2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200352150
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/07/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/07/2020 13:23:09	Fecha: 27/07/2020 Hora: 13:22

